

O CONGRO E O LUMBRIGANTE, AMIZADE INTERESADA

(CONTOS DO TÍO-VIVO)

Xosé Salvadores*

X. Salvadores



Congro e lubrigante nun acuario.

Os científicos chámalle *Conger conger* ao congrio. Na costa tamén lle chamaman congrio, crongo, concro, concrío, e aos pequenos que se comercializan dinlles anguiachos.

Juan de Laxe contoume a curiosa historia do congrio e do lumbricante que sabía de oídas e por propia experiencia. Estaba absolutamente convencido de que no lugar onde habita un congrio hai sempre un lumbricante facéndolle compañía. Decía que viven nunha simbiose un pouco estraña, xa que se o lumbricante se encarga de alimentar o congrio, faino cunha finalidade ben estudada e moi interesada. O congrio habita nas covas e o lumbricante procúralle o alimento. O congrio medra e medra, até que chega un momento en que xa non pode saír do burato; entón, morre. Daquela é a hora do lumbricante. Durante un tempo vaise alimentar do corpo sen vida do compañeiro que tan amabelmente coidara. Unha historia moi semellante á nosa cando cebamos o porco.

O certo é que tempo despois visitei a Casa dos Peixes da Coruña e, aínda que a encargada coa que falei non coñecía a historia, en varios dos seus acuarios permanecían longo tempo moi xuntos congres con lumbricantes.

Eu conto o que me dixeron e digo o que vin, aínda que nos escritos dos expertos non apareza tal cousa. O que din os entendidos é que o congrio, cun corpo anguiliforme de cor máis escura polo lombo, non ten escamas. Un burato com-

X. Salvadores



Corpos de congrio a secar na localidade de Muxía.

primido é a fenda branquial e gasta unha temida dentamía. Ten moita espiña, principalmente localizada contra a parte posterior do corpo. As aletas dorsal e ventrais ocupan a maioría do corpo. Pode chegar aos tres metros e pesar 50 quilos. Se realmente queremos observar exemplares de semellantes dimensións, podemos achegarnos ao acuario da Coruña onde algúns congres acadan tamaños realmente impresionantes. Vive en covas, desde onde fai as súas incursións nocturnas para alimentarse. Gústalle especialmente os cefalópodos, en concreto os polbos, polo que algúns relacionan as dúas especies establecendo unha proporción inversa en canto á abundancia, polo que a diminución de congrio implica un aumento de polbo.

Péscase en barco, con palangre, e os que van a el con liña, din que esta ha de ser moi resistente para que non a tronce, e que unha vez que o infeliz entra hai que dar un súbito tirón, xa que senón encóvase e non hai forma de sacalo; antes esgarzará a boca que deixarse atrapar.

Hai disparidade de opinións sobre a agresividade do congrio unha vez subido a bordo. Uns din que, asombrosamente, deixa de pelexar, aínda que dispón de armas poderosas na boca; outros afirman que son capaces de botarse a quen o apresou.

Aínda habendo moita distancia, para min e máis para a cámara de fotos, mirei ao lonxe unha escena na canle de saída da Térmica de Sabón que vou contar. Alí,

un corvo mariño saíu nadando cun pequeno congrio no peteiro. O valente congrio non se rendeu e revolveuse até que conseguiu enroscarse ao redor do pescoco da ave. Durante uns segundos mantiveron un pulso; ao remate, o corvo soltoouno e mergullouse con frustración ao rebusco nas beiras da canle.

A reprodución do congrio parece estar aínda nunha zona bastante escura xa que nunca se pescou un congrio maduro sexualmente. Sábese que non fai migración como as anguias pero ten que acadar grandes presións para realizar a desova polo que ha de buscar moita profundidade para realizar tan transcendental misión. Tamén se sabe que o fai no verán, que as larvas son leptocéfalas, é dicir, teñen forma de folla, e que o cambio de larva a adulto ten lugar aos dous anos.

Se queremos ver as momias do congrio podemos achegarnos a Muxía e alí, expostos ao sol, nunha estrutura de paus, poderanse observar uns farrapos cheos de buratos que veñen sendo os corpos dos congres a secar. Sei que é a forma de tratalo antes de mandalo a Aragón para o consumo. Eu non coñezo sitio onde se consuma aquí.

A pesca do congrio debería ser controlada. Os que andan a el afirman que agora son máis cativos que os que capturaban antes. De ser certo isto, sería un dos primeiros síntomas do declive da especie.

* Xosé Salvadores é o vogal de Biodiversidade de ADEGA.